

Autopoética sen título

Luz Pozo Garza

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POZO GARZA, LUZ (2012 [1986]). “[Autopoética sen título]”. En *Códice Calixtino*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1829>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POZO GARZA, LUZ (1986). “[Autopoética sen título]”. En *Códice Calixtino*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

«Ganarás a luz», promete León Felipe, xa que tódala poesía do mundo pode ser un único poema. O que varía é a luz. A semiótica actual apoia esa intuición do poeta: o discurso como transustanciación de discursos precedentes ou paralelos. Se é certo, cada poeta engade unha faísca de claridade ó poema total. Imos coa pequena lámpada na noite ata que a revelación, que xacía nas sombras, se fai lúcida e sobrevive. Cecáis sexa eso a poesía: clarificación da idea na conciencia. Ou ensoñación malferida que xurde dun ceo incertamente transparente. A *transparencia* de Juan Ramón para comunicar coa Divinidade.

Habería, verdadeiramente, que engadir unha certa luz nova ó poema total. A luz propia que fai fuxir as nosas tebras. A forma persoal de prender unha chama, de acender unha lámpada. O xeito da vixilia nunha ofrenda polos longos pasadelos da noite. A travesía da memoria que albisca na penumbra. A forma omnipresente de engadir un verso á letanía da luz. Que, ás veces, prende coma lume, arde sen consumir e, por fin, eterniza.

No meu caso, a luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; trascender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha plaza valeira...

A luz decrece e fire se morre Rosalía e queda alucinada nos ollos de Rimbaud.

Tería que decir con Víctor Hugo: «Vin a sombra, sen ollada, sen lámpada». E despois engadir: Mais a luz vai comigo.

LUZ POZO GARZA